

## CERAMISTA

### 1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

#### 1. Nomenclatura do oficio

Ceramista

#### 2. Outras denominacións

Oleiros

#### 3. Outras ocupacións do sector

Alfareiro, telleiro, modelista, belenista, porcelaneiro, azulexeiro,...

#### 4. Área ou sector ao que pertence

Cerámica

#### 5. Adscrición á clasificación CNAE

23.3. Fabricación de produtos cerámicos para a construción

23.4. Fabricación doutros produtos cerámicos

#### 6. Descrición sintética do oficio artesán

É o profesional que realiza labores de olería, empregando diferentes pastas, técnicas e acabados.

#### 7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Preparar as pastas para a elaboración de pezas
- ◆ Realizar o moldeado e conformar as pezas.
- ◆ Dar acabado ás pezas mediante diferentes técnicas de esmaltado,...
- ◆ Montar diferentes pezas de cerámica para a realización de abelorios,...

### 2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

#### 1. Fases do proceso

##### 1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ A operación de deseño do obxecto, realízase en primeiro termo mediante a

conceptualización mental e configuración da peza a realizar pasando posteriormente a plasmar o obxecto sobre un bosquexo ou debuxo do mesmo nun plano a escala real, así como realizar a plantilla.

- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (láminas, lápices, pinces, cartóns, pinturas).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante-delineante, auxiliar de debuxante

## **2. Fase II. Preparación da materia prima**

- ◆ O primeiro paso consiste na selección do material a utilizar, diferentes tipos de arxilas. Procédese á súa moedura, deixándoa no grao de tratamento adecuado para mesturala posteriormente con outros compoñentes arxilosos que lle confiren as propiedades idóneas que a cerámica require. Tras mesturar as arxilas, procédese ao amasado da mesma con auga para a preparación do barro, tras ser sobado ben por procedemento manual ou máquina amasadora.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: cribas e peneiras, básculas, mesturadoras, paus, carretillas.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: preparador de materia prima, auxiliar de preparador de materia prima.

## **3. Fase III. Preparación do molde.**

- ◆ O moldeado pódese facer de forma manual ou preparando un molde para a conformación das pezas. Estes moldes poden realizarse en escaiolas, xesos, arxilas, papel, cartón, etc. Segundo o material que se elixa para preparar o molde, este prepárase, mesturándoo normalmente con auga. Recóbrese a figura a reproducir para posteriormente deixar secar e para acadar o molde desexado e que a pasta tome consistencia. Nesta fase obtense o molde que máis tarde servirá de base para conformar as pezas.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: espátulas, moldes, batedoras, papel, cartón, escaiola, xeso, colas, pastas.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: moldeador, auxiliar de moldeador.

## **4. Fase IV. Configuración das pezas**

- ◆ Preparado o barro fresco, a realización da peza pode facerse por torneado ou ben por moldeado e ensamble. Unha vez que o barro está ben amasado, ponse a pasta sobre o torno ata elevar a peza e rematala posteriormente pegándolle as pezas complementarias. As pezas que se obteñen quedan conformadas en fresco e destínanse á fase de cocción e

esmaltado.

- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: torno manual ou eléctrico, prensa, badana, fío, plumilla, burís.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: torneiro, moldeador, auxiliar de moldeador.

#### **5. Fase IV. Decorado**

- ◆ Realizado a peza, pasa a ser decorada, ben por debuxo e pintura ou simplemente vidrada. En función do deseño do motivo efectúase o debuxo directamente sobre a peza, e posteriormente se pinta de acordo co seu debuxo. O esmaltado das pezas soe realizarse con papeis e vólvese a cocer de novo en fornos a temperaturas en torno aos 1000°.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: burís, pinceis, palillos, pintura, lacas, punzóns, espátulas, torno (como elemento de apoio).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: decorador, auxiliar decorador e deseñador.

#### **6. Fase VI. Secado e cocción**

- ◆ Decorada a peza procédese ao oreo e secado da mesma como paso previo á cocción. As pezas decoradas colócanse nun carro ou soporte para fornear de forma que o calor penetre por todas as caras das figuras de forma uniforme, co fin de que o decorado se fixe adecuadamente. Tras esta operación introdúcese o carro ou soporte no forno e procédese á cocción á temperatura adecuada.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: forno, carro de fornear, baldas de madeira para o secado, carretas de transporte.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: forneiro e auxiliar de forneiro.

#### **7. Fase VIII. Acabado**

- ◆ Unha vez que a figura está cocida e decorada, púlense as bases e rebabas que puideran saír ao longo do proceso de realización. Ao mesmo tempo, decórase con complementos non cerámicos que serven coma motivo de decoración.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: pulidoras, pedras de lixar, lixas.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: pulidor, auxiliar de acabado.


#### **8. Fase VII. Control da calidade**

- ◆ Neste proceso diferéncianse dúas operacións diferenciadas, segundo se atopa a peza en fase de configuración ou xa conformada e decorada. O control da calidade no primeiro caso consistirá no control, selección e pesado das materias primas. O control das pezas finais

consiste na detección de pezas defectuosas e na adxudicación de niveis de calidade ás pezas. Revisada a pesa xa é apta para o seu ensamblaxe e comercialización.

- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control como calibres.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

## 2. Síntese do proceso



## 3. Técnicas utilizadas

- Coloreado con engobes. Soen ser pastas cerámicas disoltas na auga ata acadar que sexan como unha papilla. Se queremos cores distintos aos naturais da pasta aplícanse uns pigmentos especiais para cerámica ou óxidos colorantes.
- Coloreado con esmaltes. Aparte de dar cor ás pezas, serve para impermeabilizalas. Poden ser brillantes, mates, opacos,.. Teñen que mesturarse con auga ata que teñan consistencia de papilla e pódense aplicar ben con pincel ou por inmersión.

## 4. Instrumentos de traballo

### 1. Útiles e ferramentas

- badana
- baldas de madeira para o secado
- burís
- carretas de transporte
- carro de fornear
- cribas e peneiras
- escoda
- espátulas
- lixas

- mesturadoras
- moldes
- Palillos para cerámica
- paus
- pedras de lixar
- pinceis
- prensa
- punzóns
- tornetas
- útiles de debuxo e deseño
- vaciadores

## **2. Equipos e máquinas**

- básculas
- batedoras
- forno
- pulidoras
- torno manual ou eléctrico

## **5. Contorna de traballo**

### **1. Lugar e espazo de traballo**

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns.

### **2. Ambiente e condicións de traballo**

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior.

## **3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS**

### **1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.**

- Barro.
- Pastas refractarias
- Gres

- Porcelana
- Óxidos colorantes
- Esmaltes
- Esmaltes, lacas
- escaiola, xeso
- 

O proceso de obtención dos recursos é mediante compra a establecementos especializados. En canto ás arxilas, barro,... coméntase da existencia das “Barreiras de as Pontes”, as cales non teñen un aproveitamento directo na actualidade e se atopan nas propiedades das explotacións mineiras de Endesa. Coñécese o pasado da cerámica vinculada a tellerías ou fábricas de ladrillo. Existe aptitude da materia pero non se explota, para os fins desta ocupación.

#### **4. PRODUTOS FINAIS**

##### **1. Principais tipos de produtos que realizan**

- Abelorios de cerámica
- Esculturas
- Utensilios domésticos

#### **5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO**

Non se contemplan.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

